CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensible		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensible Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensible Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Aplicar estratexias comunicativas	TI	48
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> </ul>

## Contidos

- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento das distintas unidades didácticas na ESO ten que ter en conta por unha banda o propósito comunicativo, é dicir, a introdución de contidos en función das tarefas comunicativas a realizar. Por outra banda, ten que ter en conta as diferentes capacidades, intereses e forma de aprendizaxe do alumnado. Non podemos por tanto, falar dun método concreto senón dun enfoque metodolóxico que teña en conta os seguintes aspectos:

Os intereses do alumnado e o incremento da motivación. Proporcionaránelles tarefas que conecten cos seus intereses buscando a súa participación activa.

A personalización da aprendizaxe, utilizando materiais diversos que atendan tanto ao seu estilo de aprendizaxe como ao seu grado de coñecementos.

A responsabilidade do alumno de participar activamente na súa propia aprendizaxe, adoptando unha postura activa fronte aos retos que se lles propoñen.

A comprensión e tolerancia do erro.

A autonomía na aprendizaxe a través da inferencia de regras gramaticais, da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a revisión, consolidación e ampliación dos seus coñecementos, e da reflexión sobre o seu propio proceso da aprendizaxe, e a posta en práctica de estratexias e técnicas que permitan a súa mellora.

O carácter interdisciplinar dos textos traballados e a coordinación das clases de lingua estranxeira coas demais áreas do currículo.

O deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en mais dunha competencia ao mesmo tempo.

O equilibrio no tratamento das catro destrezas básicas a través de distintas actividades:

-Listening: predición a partir de debuxos ou da situación, recoñecemento da idea principal, de datos ou opinións recollidas no texto, identificación verdadeiro/falso, establecemento da secuencia temporal dunhas ilustracións, cumplimentación dunha táboa, elección nun multiple choice, identificación de personaxes, expresión das súas propias opinións, creación dun texto a partir dunha táboa (¿post-listening)

-Speaking: repetición e modificación de modelos, pequenas conversas en diferentes situacións, realización de enquisas, descrições de persoas ou lugares, indicacións de dirección, instrucións para actuar, intercambios de información para completar táboas.

-Reading: lecturas de textos diversos para a obtención de información global o específica (skimming e scanning) seguidas da distintas actividades tales como identificación de verdadeiro/falso, asociación de temas e párrafos, cumplimentación dunha táboa, elección nun multiple choice, asociación de partes ou de debuxo e texto, identificación de personaxes, respostas para ordenar, deducción do significado do novo vocabulario, etc.

-Writing: escritura de oracións a partir dun modelo, modificación dun modelo, corrección de erros, cumplimentación de formularios, redaccións descritivas e expositivas, elaboración de cartas, confección de pequenos traballos monográficos.

A exposición dos alumnos a unha ampla diversidade de situacións, contextos e textos realistas, e a realización de actividades que lles permitan traballar non só de forma individual, senón tamén en parellas ou en pequenos grupos, establecendo así situacións de comunicación máis auténticas e posibilitando a adquisición dunha razoable competencia comunicativa nas súas distintas vertentes:

-competencia gramatical (capacidade de poñer en práctica os elementos e as normas que rexen o sistema lingüístico).

-competencia discursiva (capacidade para recoñecer e producir diferentes tipos de textos).

-competencia sociolingüística (capacidade para utilizar a lingua en contextos específicos).

-competencia sociocultural (capacidade para apreciar grados de formalidade e utilizar a linguaxe adecuada en cada situación).

-competencia estratéxica (capacidade para utilizar estratexias de comunicación que compensen as posibles lagoas noutras competencias).

-A análise e consideración dos distintos aspectos que interveñen no desenvolvemento da competencia lingüística:

-O compoñente lingüístico que comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).

-O compoñente pragmático-discursivo que contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción) e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

O compoñente socio-cultural que inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

O compoñente estratéxico que permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

O compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua Manual da editorial . Recursos audiovisuais auténticos Recursos DUA Equipos informáticos Plataformas virtuais de aprendizaxe

Para desenvolver a programación contamos cos seguintes recursos:

Libro de texto:

Teamwork 3 da Editorial Burlington

Os libros de lectura serán recomendados para os cursos da etapa da ESO.

Material impreso variado: distintos libros de lectura para préstamos, revistas, folletos, dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, etc.

Material fotocopiado, subministrado por distintas editoriais e de confección propia para actividades de desenvolvemento dos contidos, reforzo, consolidación ou ampliación.

Reprodutor de vídeo e de DVD e películas de fala inglesa en vídeo ou DVD.

Lectores de CD e CDs de audio diversos: correspondentes aos libros de texto, musicais, listenings de Probas de nivel (A2-B1)

Aula Virtual do centro.

Os recursos informáticos do centro que utilizamos na medida do posible por ser compartidos por todos os departamentos utilizaranse para facer xogos didácticos, webquests, e para a busca de información para os seus traballos de investigación.

Pizarras dixitais ou ordenador con proxectores

Webs especializadas no ensino do inglés, sempre de dominio público (Learn English Teens, ISL Collective, ABA English, etc)

Contamos, como en anos anteriores, coa presenza dun auxiliar de conversa que disporá de 8 horas durante todo o curso a repartir entre os niveis superiores polo que dispondremos dos seus servizos so de xeito esporádico.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A comezos de curso levarase a cabo a avaliación inicial . Esta avaliación permitiranos analizar o nivel académico dos alumnos, axustar a resposta educativa aos distintos grupos, así como detectar alumnos con dificultades na aprendizaxe.

Esta avaliación inicial levarase a cabo mediante a observación na aula e a realización dunha pequena proba sobre o currículo do curso anterior. Os resultados, expresados fundamentalmente en termos de adquisición de competencias, expoñeráanse e contrastaránse na sesión de avaliación correspondente.

Tamén poderemos realizar dinámicas de cohesión de grupo a través de pequenos xogos, "picture dictation" e outras probas así como pequenos cuestionarios de lecer e afeccións

Toda esta información, xunto coa proporcionada polo resto dos departamentos servirá para propoñer medidas de atención a diversidade de tipo curricular, organizativo e/ou metodolóxicas.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>1</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>13</b>
<b>Proba escrita</b>	18	52	39	52	52	42	47	54	52	52
<b>Táboa de indicadores</b>	82	48	61	48	48	58	53	46	48	48

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>49</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>51</b>

### Criterios de cualificación:

#### Criterios de cualificación

A avaliación, con carácter formativo e orientador, será continua e estará plenamente integrada na actividade habitual da aula, permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación necesarias. Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial para determinar os coñecementos previos do alumnado. Ao longo de todo o proceso efectuarase unha avaliación formativa que nos proporcione información sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe e nos permita efectuar os axustes necesarios na programación.

Entre os instrumentos e técnicas que se axusten ao que necesitamos avaliar en cada momento podemos destacar:

A observación sistemática do alumno: Axúdanos a avaliar a súa actitude, participación nas actividades, cumprimento das tarefas, curiosidade, hábito de traballo, esforzo, colaboración co grupo, respecto polas intervencións e opinións dos outros, autonomía, etc.

Os traballos: (redaccións, exposicións orais, de investigación, resumos, glosarios) proporcionannos información acerca das súas destrezas de expresión escrita e de expresión oral, así como da súa capacidade para buscar información, contrastala e sintetizala.

Probas orais ou escritas, obxectivas, de preguntas abertas ou pechadas, de exposición dun tema, etc.

Entrevistas, cuestionarios: utilízanse en casos concretos, cando a situación o aconselle, para levar a cabo unha autoavaliación por parte do alumno, para coñecer a valoración que é capaz de facer de si mesmo. Tamén para que el mesmo e/ou o profesor avalíen a metodoloxía empregada, as actividades, ou calquera outro elemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Rúbricas.

A avaliación será continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceráanse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaránse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

O primeiro trimestre terá un peso do 33% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 33% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 34% da cualificación final.



A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

OBXECTIVO 1: Comprensión oral e escrita (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 31%

OBXECTIVO 2: Produción oral e escrita (CA1.4 + CA1.5 + CA1.6): 31%

OBXECTIVO 3: Interacción (CA1.7 + CA1.8): 10%

OBXECTIVO 4: Mediación (CA1.9 + CA1.10): 10%

OBXECTIVO 5: Plurilingüismo (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 9%

OBXECTIVO 6: Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 9%

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. Hai que ter en conta que como é avaliación continua e progresiva terase en conta a evolución positiva do alumnado de cara ao terceiro trimestre, As notas redondearase a partires dun 0'5. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

Xa que a nosa materia ten un carácter continuado e progresivo , unha cualificación negativa no primeiro ou 2º trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 no último trimestre, sen necesidade de repetir probas.

Despois das avaliacións trimestrais o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión e expresión escrita máis tarefas específicas sempre tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA (CA 1.2 + CA 1.3) 80 %

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple, prerguntas de verdadeiro e falso , preguntas para completar, preguntas de relacionar de resposta curta, etc

PRODUCCIÓN ESCRITA ( CA1.5 + CA1.6) 20%

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia de inglés pendente deberá recuperala a través dunha serie de tarefas de reforzo que lle serán entregadas a principio de curso en forma de boletín onde se traballarán as distintas competencias. A persoa do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Unha cualificación positiva no segundo trimestre máis a realización dunha proba final no 3º trimestre implicará a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na 3ª avaliación, terá a oportunidade de superar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita co seguinte criterio:

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3) 85 %

Instrumentos de avaliación: cuestionarios de opción múltiple, prerguntas de verdadeiro e falso , preguntas para completar, preguntas de relacionar de resposta curta

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6) 15 %

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
3. Metodoloxía máis personalizada.
4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.

7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
  8. Aumentar a atención orientadora.
  9. Atención educativa ó alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
  10. Enriquecemento curricular.
  11. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.
    - a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaránse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.
    - b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaránse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.
    - c) Para o alumnado repetidor: Ao alumnado repetidor deberá esixírselle somentes o cumprimento dos contidos mínimos correspondentes a cada curso e publicados na páxina web dentro desta programación didáctica. Para reforzar a aprendizaxe de ditos contidos o alumnado pode realizar as tarefas de repaso ou Review que contén cada unidade do material co que traballamos ou, sempre que sexa necesario, facilitarlle fotocopias simplificadas dos contidos que estamos a traballar no grupo de referencia.
    - d) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.
- Na ESO imos atopar diferentes niveis no coñecemento desta lingua (faráselles unha proba o comezo do curso para determinar o nivel) e polo tanto teremos que prestar especial atención a aqueles alumnos que teñan máis dificultade tanto a hora de entender coma a de expresarse oralmente ou por escrito, dándolles materiais adecuados a cada un e sobre todo animándoos para que poidan seguir avanzando e aprendendo cousas novas; deste xeito non se sentirán en inferioridade de condicións con respecto aos seus compañeiros e poderán conseguir, sempre que se o propoñan, acadar os niveis mínimos esixidos e non abandonar a materia. Ímonos atopar tamén con alumnos altamente desmotivados e cun historial de fracaso cos que teríamos que intentar conectar a través dos seus propios intereses e afeccións.

Así pois, para atender a esta diversidade de intereses, motivacións e capacidades no desenvolvemento das unidades didácticas teremos que:

- Traballar con textos de temática diversa para atender os distintos intereses.
- Utilizar materiais didácticos diversos (textuais, gráficos, audiovisuais...) que contemplan os distintos estilos de aprendizaxe.
- Proporcionarlles máis tempo aos menos avantaxados na realización de actividades consideradas esenciais, aínda que deixen de facer outras.
- Fomentar a reflexión do alumno sobre a súa aprendizaxe.
- Potenciar a autonomía do alumnado na aprendizaxe proporcionándolle estratexias e ferramentas adecuadas.
- Procurarlles actividades de reforzo aos alumnos con problemas de comprensión e actividades de ampliación e afondamento aos alumnos máis avantaxados.
- Promover o traballo en grupo xa que permite distribuír as actividades segundo as distintas capacidades e intereses e posibilita que os alumnos que dominan determinadas destrezas poidan axudar aos que presentan algunha deficiencia.

#### .PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico			X	X			X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero			X	X				
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Cidades e comunidades sustentábles								
ET.11 - Saúde e benestar		X	X				X	X
ET.12 - Fin da pobreza						X		
ET.13 - Produción e consumo responsables		X				X		
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres								X
ET.15 - Vida submarina								X
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico	X	X		X	X			
ET.17 - Redución das desigualdades			X		X			

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X

	UD 9	UD 10
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	
ET.9 - Creatividade	X	X
ET.10 - Cidades e comunidades sustentábles		X
ET.11 - Saúde e benestar	X	X
ET.12 - Fin da pobreza		
ET.13 - Producción e consumo responsables		X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres	X	X
ET.15 - Vida submarina		
ET.16 - Traballo decente e crecemento económico	X	X
ET.17 - Redución das desigualdades		

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas culturais	O alumnado da ESO asistirá a finais de setembro a unhas charlas culturais a cargo dun profesor nativo, representante da editorial Burlington.	X		
Representación teatral	Valorarase tamén a asistencia dos alumnos á representación dunha obra teatral en Inglés, adaptada ao seu nivel.	X		
Contacontos	Contacontos Inglés-Galego para a etapa da ESO en colaboración co departamento de Lingua Galega.	X		
Inmersión lingüística	Posibilidade de inmersión lingüística no estranxeiro			X

**Observacións:**

As actividades propostas están suxeitas á disponibilidad ou colaboración con outros departamentos.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Clima de traballo na aula
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

**Descrición:**

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación debe ser continua e levaráse a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento faráse un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaráanse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación faráse a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizaráse a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**